

O BARROCO MUSICAL



1- CONTEXTO HISTÓRICO

Para delimitar ou marcar a duración do Barroco musical, tomamos como referencia dúas datas :

- O INICIO do Barroco coincide co estreno da primeira ópera escrita en Italia no ano 1600 (século XVII). Polo tanto este estilo, ao igual co Renacemento, xorde en Italia e se espalla polo resto de Europa , creándose distintas escolas.
- Para marcar o FINAL deste estilo adóitase escoller o ano no que morre o compositor alemán J. S. Bach, o mellor compositor deste periodo.

2- SOCIEDADE

A BURGUESÍA segue gañando importancia social e continúa co sistema de mecenazgo iniciado durante o Renacemento.

A MONARQUÍA ABSOLUTA é a forma de goberno máis extendida por toda Europa. O rei é o Xefe de Estado e non ten que rendir contas a ninguén sobre as súas decisións. O monarca absoluto máis importante nesta época é o rei francés Luis XIV, alcumado o rei Sol.

A música e o resto das artes servirán para manifestar este poder, non só a nivel das grandes monarquías, senón tamén ás clases sociais burguesas e aristocráticas e á Igrexa. Polo tanto, o músico non terá liberdade á hora de compoñer, senón que actúa por encargo, seguindo os gustos do seu mecenas.

O BARROCO MUSICAL

3- CARACTERÍSTICAS MUSICAIS

O Barroco musical, ao igual que nas artes plásticas, vaise basar no MOVEMENTO, na ORNAMENTACIÓN e nos CONTRASTES.

Innovacións musicais:

- 1- Aparece o BAIIXO CONTÍNUO que é un soporte de acordes que serve de base á melodía. O baixo contínuo é un acompañamento constante que realiza un instrumento de altura grave como o baixón, a tiorba, a viola da gamba; ou un de teclado como o clavicembalo. Xorde a textura de MELODÍA ACOMPAÑADA.
 - Na seguinte [audición](#) indica que instrumentos realizan o baixo contínuo e cales a melodía acompañada. Qué sucede a partir do minuto 3'13" ?



- 2- O RITMO é mecánico, sen apenas alteracións no pulso.
- 3- Utilización do ESTILO CONCERTATO, que consiste en contrastar distintas masas sonoras. Xorde o xénero do concerto.


*As estacións de Vivaldi teñen estrutura de concerto. É música descritiva creada a partir duns sonetos. O concerto adoita ter tres tempos contrastantes en velocidade.
ALLEGRO-LENTO- ALLEGRO.

Neste fragmento do [Inverno](#), indica cal é o instrumento solista e cal/es o acompañamento. Quen realiza o baixo contínuo? Qué tempo ou velocidade pensas que é? Que sentimento te transmite?

- 4- É música moi ORNAMENTADA.

O BARROCO MUSICAL

5- Os CONTRASTES de intensidade son moi bruscos. Van por terrazas e non de maneira progresiva.



Claudio Monteverdi é o músico de transición entre o Renacemento e o Barroco e se considera un dos creadores da ópera Barroca.

Indica como Monteverdi consegue contrastes neste fragmento da ópera [Orfeo](#).
A posta en escena dá moitas pistas.

O BARROCO MUSICAL

OS INSTRUMENTOS

A partir do 1600, a música instrumental vai ter a mesma importancia que a música vogal.

Moitos continúan do Renacemento como o clave, instrumento favorito para acompañar a orquestra e xorden outros novos, como a familia do violín, o óboe e o timbal.

Xorde a orquestra barroca formada pola familia do violín, viola da gamba, vento madeira, metal e percusión (timbal). Aínda non existe a figura do director.



OS COMPOSITORES

Aínda que o Barroco xorde en Italia, créanse distintas escolas en Europa, distinguíndose polo seu estilo máis refinado ou por facer maior uso do contrapunto ou imitación.

O BARROCO MUSICAL

INVESTIGA

ESCOLA ALEMANA

- **Johann Sebastian Bach:** considerado o compositor máis importante do barroco. Escribiu todo tipo de composicións vogais e instrumentais e acadou un grado de perfección insuperable no uso da textura imitativa. Compuxo para todo tipo de instrumentos de teclado e corda. Destacan os seus "Concertos de Brandemburgo".

Escoita o inicio do [preludio e fuga en Re menor](#) e averigua para que ocasión se escribiu e para que ocasións se utilizou posteriormente.

- **Georg Friedrich Haendel:** Traballou moito o estilo imitativo en todos os xéneros, principalmente a ópera e o oratorio (música relixiosa) . Ao traballar a meirande parte da súa vida en Londres, moitas veces se clasifica dentro da escola inglesa.

Escoita este anthem (composición relixiosa anglicana) titulado "[Zadok the Priest](#)" e comenta a súa función orixinal e a actual.

ESCOLA FRANCESA

Presenta un **estilo máis refinado e cortesano** ao centrarse na actividade cultural do palacio de Versailles.

- **Marc Antoine Charpentier** escribiu este [Preludio](#) que precede a un Te deum para conmemorar un acontecemento. En que ocasións se utiliza na actualidade?